

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2020/17	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	14 de decembro de 2020
Duración	Dende as 13:05 ata as 13:40 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Mónica González Conde
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
Excusas de asistencia presentadas:		
52481441H	Manuel Cuiña Fernández	NO

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 01.12.2020	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 01 de	

decembro de 2020.

Expediente 1598/2020. Contratacións. PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUBMINISTRO - CONTRATO SUMINISTRO ADQUISICIÓN CAMIÓN CON EXTENDEDORA. PLAN CONCELLOS 2020. LIÑA 1(SEGUNDA LICITACIÓN. NOVIEMBRE 2020)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resultando que tras a convocatoria do procedemento aberto simplificado, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo de conformidade co que se establecía na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares, para a adxudicación do contrato de subministro para a adquisición dun camión con extendedora para obra pública, mediante publicación de anuncio na Plataforma de Contratación do Estado e no Perfil do Contratante do Concello de Silleda, de data 08 de xuño de 2020, durante o prazo de DEZ DÍAS hábiles, ata o día 22 de xuño de 2020, incluído, NON se presentaron proposicións por ningún licitador.

Declarado deserto (Decreto 7 de xullo 2020) o procedemento de contratación iniciado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 04 de xuño de 2020, para a adxudicación do contrato de subministro para a adquisición dun camión con extendedora para obra pública, faise necesario tramitar novo expediente de contratación, sen modificación substancial das condicións iniciais dos pregos do contrato, mais alá das admitidas pola Deputación de Pontevedra no expediente de subvención do Plan Concellos 2020 Liña 1 202017745.

Vistas as necesidades a satisfacer, as características do contrato, o tipo de contrato, o obxecto do mesmo: camión con extendedora para obra pública, así como o procedemento do contrato, todo elo recollido na providencia de Alcaldía de data 23 de Novembro 2020

Vista a necesidade de iniciar o procedemento de contratación deste subministro

Constando no expediente informe de secretaría nº 036/2020 de 25 de novembro e documento contable A.

Visto que o artigo 159 sinala que os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras, subministración e servizos cando se cumpran as dúas condicións seguintes: a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros no caso de contratos de obras, e no caso de contratos de subministración e de servizos, que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 100.000 euros.

Visto que xa constan no expediente os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas que rexerán a presente contratación.

Visto o informe de fiscalización de fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Visto o informe xurídico preceptivo da aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de subministro de CAMIÓN CON EXTENDEDORA PARA OBRA PÚBLICA, por importe de 95.567,76 € mais 19.439,23 € de IVE, polo procedemento aberto simplificado, de conformidade co disposto no artigo 159 e concordantes da LCSP

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, do contrato de subministro denominado “CAMIÓN CON EXTENDEDORA PARA OBRA PÚBLICA” cuxo valor estimado ascende a 95.567,76 €

Terceiro.- Autorizar o gasto que comporta o presente expediente de contratación con cargo a aplicación presupostaria 453.624.01.

Cuarto.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado do presente subministro.

Quinto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto simplificado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no perfil do contratante do Concello de Silleda, para que no prazo de 15 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Expediente 1196/2020. Contratacións. Adxudicación da obra Mellora de camiño en Negreiros-O Castro - Silleda (Plan Marco 2020-2021)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dentro do PLAN DE MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2020-2021 unha subvención para a execución do proxecto: “Mellora de camiño municipal en Negreiros-O Castro (Silleda)” por importe de 52.317,22 euros.

Visto o proxecto elaborado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Ramón Gómez Fraiz, denominado “Mellora de camiño municipal en Negreiros-O Castro (Silleda)” por importe total de 65.293,00 euros (53.961,16 euros máis 11.331,84 euros de ive). Aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/08/2020. Así como a acta de replanteo previo de data 03/09/2020.

Constando no expediente informe de secretaría nº 004 de 01 de setembro, e documento contable de data 28/08/2020.

Visto o prego de cláusulas administrativas asinado polo Sr. Alcalde-Presidente en data 15/09/2020.

Visto o informe nº 008/2020, de 15 de setembro, de fiscalización do expediente de contratación e dos pregos de cláusulas administrativas da Secretaría da Corporación da mesma data.

Visto o informe de fiscalización da Intervención da Corporación ao procedemento de contratación de data 15 de setembro de 2020.

Aprobado o expediente de contratación por procedemento aberto e acordada a apertura da licitación por acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de setembro de 2020.

Presentan ofertas no prazo habilitado ao efecto as seguintes empresas:

CIF	Razón social
B36133916	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
B36052876	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.
B36024933	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
B36563823	ENDENOR, MTTO Y SERVICIOS SL
B15009533	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
B15025372	MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.
A32118705	MISTURAS, S.A.
B36533537	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
B36163418	NAROM SL
B32211716	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.

Admitidas todas as ofertas presentadas pola Mesa de Contratación en sesión de data 15/10/2020, procédese a avaliación dos criterios automáticos co seguinte resultado:

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

Razón social	PREZO OFERTADO (Sen IVE)	Baixa	Puntuación	MELLORAS	Puntuación	Puntuación TOTAL
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	33.390,91	20.570,25	90	1.050,00	10	100
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	35.004,60	18.956,56	82,93970175	1.050,00	10	92,93970175
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	37.659,49	16.301,67	71,32389251	1.050,00	10	81,32389251
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	38.300,00	15.661,16	68,52150071	0	0	68,52150071
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.	38.393,37	15.567,79	68,11298356	1.050,00	10	78,11298356
NAROM SL	40.416,91	13.544,25	59,25948882	1.050,00	10	69,25948882
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	40.492,45	13.468,71	58,92898239	1.050,00	10	68,92898239
MISTURAS, S.A.	41.776,00	12.185,16	53,3131294	1.050,00	10	63,3131294

CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	45.800,00	8.161,16	35,70712072	1.050,00	10	45,70712072
ENDENOR, MTTO Y SERVICIOS SL	53.961,16	0,00	0	1.050,00	10	10

Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa, de conformidade co disposto no artigo 149 da LCSP, acorda requirir a FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., para que nun prazo de tres días hábiles aporten a documentación que proceda, de entre a que se recolle no artigo 149.4 da lei de 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a fin de xustificar a presunta temeridade en que está incurso a súa oferta.

En data 27/11/2020 preséntase a documentación requirida para a xustificación da temeridade, dando a súa conformidade a mesma a Mesa de Contratación, na sesión celebrada en data 10/12/2020.

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor Municipal, en data 10/12/2020

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Adxudicar a FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., con CIF B15009533 o contrato de obras denominado "Mellora de camiño municipal en Negreiros-O Castro (Silleda)" por importe de 33.390,91 euros mais 7.012,09 euros de IVE, ao sela empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, como constan nos antecedentes desta Resolución.

Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas, relativas:

MELLORA 1) SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL

Línea de borde de calzada continua, salvo en cruces de camiños e entradas que se executara descontinua, por ambos marxes da vía, de 0,10 m de espesor e dende o PK 0+000 ao PK 0+692.

2 Ud's de detención obrigatoria o STOP, incluída a línea de detención (M-4.1) de 0,40 m de espesor, marcados sobre a calzada e ubicación a indicar pola D.F.

MELLORA 2) SEÑALIZACIÓN VERTICAL

· Subministro e colocación, a indicar pola D.F., de 1 Ud da sinal de detención obrigatoria (R-2).

Segundo.- Dispor o gasto por importe de 40.403,00 euros con cargo á aplicación 454.619,01 o Orzamento municipal para o exercicio de 2020.

Terceiro.- Notificar a FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L adxudicataria do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- O prazo máximo de execución desta obra é dun mes segundo o establecido no punto 7 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares, a contar dende o día da firma da acta de comprobación do replánteo, non sendo susceptible de prórroga, sempre que estea aprobado o plan de seguridade e saúde, e se a Administración autoriza o inicio da obra.

A firma da acta de comprobación do replánteo non poderá ser superior a un mes dende a data da formalización deste contrato.

Sexto.- En aplicación do estudo básico de seguridade e saúde, que forma parte do proxecto, o contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

Ao tratarse dunha obra contratada polo Concello, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra (neste caso ao non ser necesaria a designación do coordinador, as funcións que se lle atribúen a este serán asumidas pola dirección da obra), elevarase para a súa aprobación ao órgano de contratación.

En todo caso, respecto do plan de seguridade e saúde nas obras de construción estarase ao disposto sobre este no RD. 1627/1997, do 24 de outubro.

Sétimo.- A comunicación da apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ser previa ao comezo dos traballos e presentarse unicamente polo contratista.

A comunicación de apertura incluírá o plan de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 7 do RD 1627/1997.

Oitavo.- Dado que a obra está financiada pola Deputación de Pontevedra O contratista terá a obrigaçión de colocar, ao seu cargo, carteis informativos da obra, nun lugar visible ao público e con información sobre o proxecto, en que se destacará a axuda financeira da Unión, coa inclusión dos seguintes elementos: a bandeira europea, a referencia ao "Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural". Ao mesmo tempo, incluírán unha referencia á participación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na cofinanciación das actuacións subvencionadas, mediante a inclusión do logotipo deste organismo. O panel será de material resistente e ríxido, e deberá estar colocado ata o momento da realización da visita in situ.

Noveno.- Nomear Director da Obra e Coordinador en materia de Seguridade e Saúde, a Román Gómez Fraíz.

Décimo.- Requirir ao contratista a presentación do plan de seguridade e saúde da obra.

Inclusión por urxencia Expediente Expediente 867/2020 Licenzas Urbanísticas

Toma a palabra o Sra. Alcaldesa Delegada, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2020.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Expediente 867/2020 Licenzas Urbanísticas

Por Javier Muíños da Pena, con DNIXXXXXX, actuando en nome e representación de INTEGRACIONES MUIÑOS SL, con CIFXXXXXX, presentouse escrito o día 15/06/2020, polo que se solicita licenza urbanística para CONSTRUCCIÓN DUNHA FOSA DE XURRO, sita na finca chamada "Paraxe das Quenturas", no Monte de Cornoa, Siador que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. 36052V501000350000ML).

Aporta proxecto técnico elaborado polo técnico Carlos Dafonte Dieguez, colexiado número 1287 como enxeñeiro técnico agrícola, visado en data 02/06/2020 co número 20200155.

Consta no expediente autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias de data 26/11/2020.

En data 07/12/2020, emítese informe pola subdirección xeral de Extinción na Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Consta incorporada a este expediente documentación acreditativa da autorización ambiental integrada (expte.- 2006/397_NAA/IPPC_056) da explotación porcina con capacidade para 4.000 porcos de ceba.

Consta no expediente informe do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, de data 09/12/2020.

En data 10/12/2020 requíreselle ao interesado a cumprimentación de trámites.

O interesado emenda as deficiencias observadas por medio de documentación presentada en data 10/12/2020.

Remítese dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático en data 11/12/2020 (RE 5076/2020) informe de data 10/12/2020.

Consta no expediente informe favorable á concesión da licenza do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, de data 11/12/2020.

Constan no expediente a comunicación ao Concello da persoa que asumirá a dirección da obra e a coordinación en materia de seguridade e saúde.

Consta xustificante de ingreso da liquidación de data 15/06/2020.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes adoptou o presente acordo:

Primeiro. Conceder licenza urbanística a INTEGRACIONES MUIÑOS SL, con CIF XXXXXX, para a execución CONSTRUCCIÓN DUNHA FOSA DE XURRO, sita na finca chamada “Paraxe das Quenturas”, no Monte de Cornoa, Siador que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. 36052V501000350000ML).

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto completo redactado polo técnico Carlos Dafonte Dieguez cuxo presuposto de execución material ascende a 78.081,15 euros e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Figurando como director facultativo da obra a e como coordinador en materia de seguridade e saúde da obra Carlos Dafonte Diéguez.

A construción proxectada situarase en solo clasificado polas Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como solo rústico. O Concello conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Desaparecendo polo tanto a categorización do solo rústico recollido no PXOM de Silleda, en aplicación do disposto na Lei 2/2016, de 10 febreiro, do Solo de Galicia, artigo 34, terá a consideración de solo rústico de protección agropecuaria, o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

A finca na que se vai levar a cabo a construción é resultado do procedemento de concentración parcelaria de Monte Siador do Concello de Silleda foi decretada o 16/08/1969 e finalizou o 15/05/1979 coa aprobación da acta de reorganización da propiedade. Como resultado do proceso de concentración o predio 35 do polígono 1 está incluído na acta de concentración parcelaria de Monte Siador do concello de Silleda. Correspondéndolle por tanto a cualificación de especial protección agropecuaria.

O volume autorizado é de 1.102,5 m³, a ocupación de parcela do 14,6%, e a altura sobre rasante de 1,9 metros.

Segundo: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras

por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Terceiro: A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

Cuarto.- As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

Quinto.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto.- Aprobar a seguinte liquidación en concepto de ICIO por importe de 1.756.83 euros e taxa por licenza urbanística por importe de 60.00 euros. Importe que consta ingresado.

Sétimo.- Antes do inicio das obras deberase xustificar o cumprimento do disposto no artigo 39 da Lei do Solo de Galicia, que establece expresamente “que para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística haberá de xustificarse o cumprimento do seguinte requisito polo interesado: “farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica”.

Inclusión por urxencia Expediente Expte. 1254/2020.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE. CONSTRUCCIÓN FOXA SÉPTICA.

Toma a palabra o Sra. Alcaldesa Delegada, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar

aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2020.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Expte. 1254/2020.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE. CONSTRUCCIÓN FOXA SÉPTICA.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Consta no expediente a notificación en data 03/07/2019 (RE 2724/19) da firmeza da Sentenza do Xulgado Contencioso-administrativo número 3 de Pontevedra, de data 11/09/2017, recorrida en Apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se condena ao Concello de Silleda a incoación do expediente de reposición a legalidade polas obras consistentes na construción dunha fosa séptica.

Segundo.- En data 13/12/2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda adoptou o acordo de incoación do expediente de reposición da legalidade polas obras de construción dunha fosa séptica no lugar de Lamela, promovidas pola empresa Porta do Sol, SL.

Terceiro.- Constan informes emitidos polo técnico municipal tras a realización de visitas de inspección, a primeira o día 10 de febreiro 2020 estando o establecemento pechado e a segunda o día 12 de febreiro de 2020 "día no que os titulares da actividade (inquilinos) contactaron telefonicamente có propietario, que autorizou a visita ao interior. Nesta visita constatouse a ubicación sinalada do separador de graxas pero non foi posible medir a distancia do efluente da foxa séptica ao lindeiro, por encontrarse este soterrado. Aínda así, segundo informacións dos presentes, constatouse unha medición próxima aos 30 metros*. Porén, sinalóuselle verbalmente a necesidade de descubrir a arqueta onde se produce o efluente de augas supostamente depuradas para facer unha nova medición inequívoca; quedando os inquilinos encargados de avisarme tan pronto fose posible levar a cabo dita medición. A día de hoxe non se recibiu comunicación algunha nese sentido pola súa parte".

*Entre ese punto e o límite da propiedade, na dirección que se atopa a propiedade demandante (r.c. 36052D505015710000XZ).

Cuarto.- En data 01/10/2020 o instrutor do expediente acordara a apertura do período de proba, polo prazo de 15 días hábiles, para a realización das medicións da arqueta final, da foxa séptica e dos condutos que da nomeada foxa saen.

Quinto.- En data 21/10/2020 o técnico municipal emite informe sobre o resultado da proba.

Sexto.- Presentado escrito de renuncia á instrución do expediente polo técnico municipal por Resolución de Alcaldía número 654/2020 de data 22 de outubro, noméase instrutora á secretaria do Concello.

Sétimo.- Rematada a instrución do presente procedemento, en data 02/11/2020, comunícaselles aos interesados a apertura do trámite de audiencia previa por un prazo de 15 días hábiles.

Oitavo.- Transcorrido o citado prazo constan presentadas os seguintes escritos:

- Escrito presentado por Antonio Villar Costoyas en representación de Porta do Sol de Lamela, S.L. en data 23/11/2020 (RE 1149/2020).
- Escrito presentado por José Carlos Palmou Cibeira, actuando en representación de Ramón Fernández Calvo, en data 24/11/2020 (RE 1151/2020).

Noveno.- Consta informe do técnico municipal ás alegacións presentadas de data 11/12/2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. A reposición da legalidade ten a finalidade de proceder a devolver a legalidade á situación exposta cando se realizase un acto que requira presentar comunicación previa, ou sexa necesaria licenza urbanística ou orde de execución, sen ser presentada ou outorgada.

Segundo. O procedemento para a reposición da legalidade é o regulado nos artigos 379 e seguintes do RLSG.

A. Polos Servizos Técnicos Municipais emitirase informe sobre os actos que se executaron sen comunicación previa ou sen licenza e sobre a compatibilidade dos actos que se realizaron co planeamento urbanístico.

B. Incoado o expediente de reposición da legalidade, comunicarase ás persoas interesadas para a presentación de alegacións e da documentación que consideren oportuna.

C. Iniciado o expediente, o órgano competente, Alcaldía, previa audiencia ás persoas interesadas, resolverá o expediente adoptando algunha das seguintes resolucións.'

a) Se as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, á conta do interesado. Se os usos non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación dos mesmos.

b) Se as obras ou os usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á conta do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que desen lugar.

c) Se as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar xustifiquen.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á conta do interesado.

D. O procedemento deberá resolverse no prazo dun ano a contar dende a data do acordo de iniciación.

E. En caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, repetidas mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

F. O procedemento de reposición á legalidade de obras terminadas sen comunicación previa ou licenza levarase a cabo sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

G. Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán suxeitas ao réxime previsto no artigo 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Terceiro.- Obras obxecto de reposición da legalidade.

Son obxecto do presente expediente as obras consistentes na construción dunha fosa séptica na parcela con referencia catastral número 36052D50506001, sen título habilitante previo.

Realizada a práctica da proba, e unha vez destapadas as instalacións, o técnico municipal, observou que a fosa séptica cumpre as seguintes distancias:

“A medición efectuada é perpendicular ao límite có predio propiedade do demandante, mentres que a situación do pozo de abastecemento do demandante, ben a protexer, non se encontra na mesma liña perpendicular, senón oblicua (a uns 34° daquela, aproximadamente), a distancia entre efluente e pozo, segundo ortofotografía e cartografía catastral superpostas (páxina 2 deste informe), a distancia entre o efluente e o pozo de abastecemento é de aproximadamente 40 metros, moi superior á establecida na normativa vixente. Por tanto, considérase que a fosa séptica é legalizable, salvo mellor criterio”.

Cuarto.- Alegacións presentadas.

Sometido o expediente a audiencia previa a súa resolución a parte denunciante presenta as seguintes alegacións:

Primeira.- Entende que a acta da inspección carece de rigor, ao non constar distancia exacta nin foto algunha dos puntos dende os que se realizaron as medicións.

Aportan para xustificar a falta de rigor informe pericial no que se indica que:

Dende a fosa séptica ao pozo filtrante hai 15,70 metros.

Dende o pozo filtrante á propiedade de Ramón Fernández Calvo hai 14,30 metros.

Dende o pozo filtrante ao pozo de auga de Ramón Fernández Calvo hai 28,60 metros.

Por este motivo afirman que a fosa non é legalizable.

Segunda.- Indican que non consta que se teña feito comprobación algunha sobre os compoñentes de dita fosa e o seu funcionamento correcto, alegando que a contaminación da súa auga, que acredita cunha analítica de data 12/07/2019.

O técnico municipal no informe ás alegacións presentadas ratifícase no resultado da práctica de proba recollido no informe de data 21/10/2020. Incorporando un plano no que se recollen as distancias medidas, sendo superiores ás alegadas polo interesado.

Quinto.- Normativa aplicable:

O Plan Xeral do Concello de Silleda non regula as condicións de ubicación das fosas sépticas.

En ausencia da citada regulación e segundo o disposto no artigo 90 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, deberemos aplicar con carácter complementario o disposto no Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, de 26 de xullo.

Deste xeito, no apartado 4 do artigo 53 do PBA régúlese o seguinte:

“4. Os pozos de abastecemento de auga ás vivendas terán que estar distanciados de calquera fosa séptica, estercolero ou calquera foco contaminante, un mínimo de 20 metros, sen prexuízo da que derive da normativa sectorial de aplicación.

A fosa distará 3,00 metros, como mínimo, dos bordos de parcela e estará na parte máis baixa da mesma, sen prexuízo de onde resulte en virtude da vixente lexislación en materia de augas e deberán contar coa correspondente autorización do organismo sectorial competente”.

Tendo en conta que non existe regulación específica sobre este aspecto, non sendo tampouco alegada polo interesado, e que as distancias comprobadas polo técnico municipal cumpren co disposto no Plan básico autonómico.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adopta por unanimidade dos seus membros o presente acordo:

PRIMERO.- Requerir ao interesado para que, no prazo de tres meses, presente a solicitude de licenza ou a comunicación previa correspondente, advertíndolle que no caso de denegarse a licenza ou no cumprir os requisitos legais para a eficacia da comunicación previa, acordarase a demolición do indebidamente construído.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos interesados con indicación dos oportunos recursos administrativos.

TERCEIRO.- Notificar ao Rexistro da Propiedade a Resolución, para que proceda a súa inscrición.

Inclusión por urxencia Expediente 118/2019. Prestacións Económicas de Servizos Sociais. Concesión axuda emerxencia social.

Toma a palabra o Sra. Alcaldesa Delegada, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2020.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Expediente 118/2019. Prestacións Económicas de Servizos Sociais. Concesión axuda emerxencia social

Vista a solicitude presentada en data 25 de novembro de 2020 por T.D.L., de concesión de unha axuda de emerxencia social por importe de 40.00 € para o pago do recibo de auga, cota anual de 2020 emitido pola Comunidade de Usuarios de Augas de Parada ao non poder facer fronte ó pago do recibo por carecer ela e a súa parella de ingresos económicos.

Visto que segundo informa a traballadora social Lucía Rosales Otero, en data 25 de novembro de 2020, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, por unanimidade dos seus membros adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Conceder a T.D.L. Luengo unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos polivalentes, para o pago da factura da auga da Comunidade de Usuarios de Augas de Parada por importe de 40.00 euros.

Segundo.- Comunicar é persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Inclusión por urxencia Expediente 1883/2020. Servicios Sociales (Alta o Seguimiento). Concesión axuda emerxencia social.

Toma a palabra o Sra. Alcaldesa Delegada, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2020.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Expediente 1883/2020. Servicios Sociales (Alta o Seguimiento). Concesión axuda emerxencia social.

Vista a solicitude presentada en data 4 de decembro de 2020 por Dona M.C.L.G., de concesión de unha axuda de emerxencia social por importe de 270.00 € para o pago do aluguer do mes de novembro de 2020 emitido polo arrendatario J.C.G.S., ao non poder facer fronte ó pago do recibo por carecer ingresos económicos suficientes para facer fronte o pago de dita mensualidade.

Visto que segundo informa a traballadora social Lucía Rosales Otero, en data 11 de decembro de 2020, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, por unanimidade dos seus membros adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Conceder a M.C.L.G. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos polivalentes, para o pago da factura de aluguer correspondente a mensualidade de novembro de 2020 por importe de 270.00 euros.

Segundo.- Comunicar é persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE